


PARA LER NA FIN DE SEMANA

'DRAMATÍCULAS'

ALFONSO BECERRA
LAIOVENTO, 2011
119 px. 12,00 €



A medio camiño entre un libro de contos e un de poemas sitúanse estas partículas. Algunhas dramáticas, outras posdramáticas, Pero en todas, os personaxes, de habelos, han de ser a actriz ou o actor.

'SVEA KÖTT (CARNE SUECA)'

DOMINGO TABUYO
XERAIS, 2011
160 px. 16,15 €



O comisario Romero, mergullado nas saudades da súa Arousa, onde acaba de enterrar un ser querido, deberá regresar decontado a Madrid para resolver o enigma que agocha o asasinato da rúa Marqués de Valdeiglesias.

'BEATS'

HARVEY PEKAR
EDITORIAL 451, 2011
81 px. 19,55 €



Nos anos 50 Nova York era o lugar idóneo para que Allen Ginsberg, Jack Kerouac e William Burroughs urdisen unha amizade baseada na experimentación literaria, o uso das drogas, a liberdade sexual e o jazz.



José Manuel Sande
cultura@xornaldeg Galicia.com

O FOTOGRAMA VERMELLO

Antroido postfranquista

A primeira e única película importante de Ventura Pons é o documental *Ocaña, retrato intermitente* (1978), exploración en torno á figura do pintor, activista homosexual e mestre de performances transformistas José Pérez Ocaña (1947-1983), artista e paseante das Ramblas, criatura provocadora, pasoliniana e tan emblemática como popular no período da transición política española.

Narración intimista sobre unha personaxe extrovertida, libertaria e nada compracente coa estrutura emanada da España franquista, Pons debutaba no cine logo de dez anos como director teatral construíndo o filme a partir de actuacións, imaxes de época e o epicentro das longas conversas mantidas con Ocaña.

As confesións descarnadas deste sobre cuestións como relixión, política, represión policial, mundo rural, sexualidade, desinhibición ou muller, facilitan un relato sedutor que bucea con autenticidade

de no universo do suxeito filmado fundindo idiosincrasia e contradicións, un hábil entrelazamento de subversión de tótems sociais e retrato de época que non elude a dimensión persoal de Ocaña.

Esa curiosa evocación/vindicación dun mundo de arte, lumpen, bohemia e contracultura permite que o filme pronto se convertise en obxecto de culto –como certifican as críticas entón escritas por Fernando Trueba, José Luis Guerner ou Terenci Moix–, visitando as salas preto de 100.000 espectadores e participando en 1978 na primeira edición da prestixiosa sección do Festival de Cannes *Un certain regard*.

Inmersa na eloxiosa pintura da época, non resulta ocioso observar o seu parentesco con outros títulos –*El desencanto*, *Mientras el cuerpo aguante*, *Función de noche*, *El asesino de Pedralbes*...– que desintegran a percepción tradicional do espectador.



'OCAÑA, RETRATO INTERMITENTE'

Ventura Pons. Cameo, 2011
12,95 €

Repaso a Núñez Feijóo

Barreiro analiza os dous anos do PP na Xunta

“O 1-M foi derrotado o desexo de cambio político en Galicia. Unha nosa novísima dereita, liderada por Alberto Núñez Feijóo, ocupou a Xunta de Galicia. Novísima dereita que enfatiza o seu afastamento simbólico coa herdanza fraguista e que se sitúa na vangarda do conservadorismo tardoznarrista”.

A partir destas primeiras palabras configura Manuel M. Barreiro o retrato da actual Galicia e dos seus gobernantes, ademais de explorar nas claves dos dous anos de mandato da dereita, desta actual e “novísima” dereita, e de como está a influir estancando a configuración social e política do país.

A retórica que usan os que están no poder, o populismo que empapa tantas das súas actuacións públicas, a pel esvaradía que adoptan cando toca falar de responsabilidades; pero tamén o sistema de poder-medios que leva anos poñendo e impondo criterios dun

'A NOVÍSIMA DEREITA E NÓS'

Manuel M. Barreiro
2.0. EDITORA, 2011
220 px. 15,00 €



Manuel M. Barreiro

xeito silente ou a actitude reivindicativa dos partidos chamados a facerlle fronte á dereita.

De todo isto trata Barreiro cun estilo directo, propositivo e mordaz, nun ensaio tinguido dese “gris toupa” (tamén sinalado por Xosé Manuel Pereiro que



O.DACOSTA

caracteriza a andaina de Feijóo na Xunta de Galicia).

Un libro oportuno, na medida en que cumpridos xa dous anos de goberno de Núñez Feijóo, e 30 anos do Estatuto de Autonomía, empeza a ser necesaria unha análise cumprida e seria do panorama político galego actual, e do Goberno de Núñez Feijóo en particular.

Unha obra crítica sustentada realidade polo coñecemento da autor, Manuel M. Barreiro. Un ensaio non compracente e si rigoroso, que ampliará os matices, trazos e visións existentes sobre o rumbo do país nos últimos dous anos. A.M.

Os máis lidos en galego

FICCIÓN

1/ 'Non hai noite tan longa'
Agustín Fernández Paz. XERAIS

2/ 'A praia dos afogados'
Domingo Villar. GALAXIA

3/ 'Ollos de auga'
Domingo Villar. GALAXIA

4/ 'Memorias dun neno labrego'
Xosé Neira Vilas. GALAXIA

5/ '1Q84'
Murakami. GALAXIA

NO FICCIÓN

1/ 'Indignádevos!'
Stéphane Hessel. FAKTORIA K

2/ 'Proceso a unha biblioteca'
Francisco Redondo. LAIOVENTO

3/ 'Obra completa'
Lois Pereiro. LIBROS DEL SILENCIO

4/ 'A memoria e o esquecemento'
Gonzalo Amoedo López. XERAIS

5/ 'Vivir, unha aventura...'
Mercedes Queixas. GALAXIA

Con información das librarías Couceiro (Santiago), Librouro (Vigo), Lume (A Coruña), Escolma (Pontevedra) e Torga (Ourense)

Palabra de Kruckenberg

Queixas repasa a traxectoria da escritora nesta biografía

Este volume recolle a memoria da poeta María do Carme Kruckenberg –unha das últimas representantes da súa xeración que permanecen con vida–, o seu testemuño persoal, acompañado da documentación que até o de agora permanecía agochada no papel amarelecido dos xornais e das cartas.

Coa liberdade como máxima vital, a protagonista deste libro atravesou o tempo da Guerra Civil, a experiencia amorosa, a mater-



'VIVIR, UNHA AVENTURA...'

Mercedes Queixas
GALAXIA, 2011
268 px. 19,00 €

nidade ou os anos de aprendizaxe en América, onde contactou con persoeiros como Lorenzo Varela, Emilio Pita e Luís Seoane, ou con representantes da súa admirada xeración do 27 coma Rafael Alberti ou Gerardo Diego.

A carón da vocación literaria xorde a amizade con membros da xeración poética española do 27 e as horas compartidas con moitos dos escritores e artistas galegos do seu tempo. A.M.